

RED-IS (*REDE EDUCATIVA DOCENTE-INNOVAR EN SOCIEDADE*)

Coordinador/a: ***José Luis González Cespón***

Participantes: *José Lorenzo Alonso Gómez*
José Antonio Alonso Rodríguez
José Carlos Caamaño Martínez
Pedro Pablo Gallego Veigas
José Carlos López Vázquez
Margarita Pino Juste
Susana Rodríguez Barcia
Amparo Rodríguez Damián
María Rodríguez Damián
Francisco José Torres Pérez

Liñas de actuacións

As liñas entre investigación e práctica docente foron sempre complexas e difíciles xa que moito profesorado non parece moi inclinado a incorporar os avances da investigación no ámbito do ensino e do aprendizaxe. Esta disociación entre investigación e práctica profesional ocorre case exclusivamente no ensino mentres que noutras profesións (por exemplo en Medicina) os/as profesionais están moi pendentes do último que se investiga.

A iniciativa que se presenta é o deseño e avaliación de procedementos educativos innovadores que leven un cambio eficaz nos procesos de ensino-aprendizaxe e polo tanto na mellora do rendemento educativo do alumnado.

Neste contexto, a innovación xorde coma un elemento de creación de novos coñecementos, produtos e procesos. Forma parte da creación de coñecemento e da subsistencia das organizacións.

Os motivos da xeración deste grupo son a utilización e avaliación do impacto de estratexias didácticas interdisciplinares utilizando unha metodoloxía de proxectos (PBL) entre diferentes titulacións. Isto supón a integración e cooperación do estudantado que pertence aos diferentes graos e aportan o seu coñecemento de forma común.

A aprendizaxe baseada en proxectos (PBL) é un modelo de aprendizaxe na que os/as estudantes planean, implantan e avalían proxectos que teñen aplicación no mundo real máis alá da aula da clase. Estas estratexias implican formar equipos integrados por persoas con diferentes perfís, áreas disciplinares, profesións, linguas e culturas que traballan xuntos para realizar proxectos para

solucionar problemas reais. Estas diferenzas ofrecen grandes oportunidades para a aprendizaxe e preparan ao estudiantado para traballar nun ambiente e economía diversos e globais. Para que os resultados sexan positivos cómpre que haxa un deseño instrucional definido, distinción de roles e fundamentos de deseño de proxectos.

En conclusión, a liña de traballo que adopta o grupo estaría centrada na análise de procesos de innovación educativa e tecnolóxica para o desenvolvemento dunha aprendizaxe baseada en competencias en educación superior a través de metodoloxías activas por proxectos. Para isto desenvolveranse novos deseños curriculares que dean mellor resposta ás necesidades do novo alumnado e da sociedade en xeral.

Obxectivos

- Tomar conciencia sobre a importancia de investigar sobre a propia realidade docente para melloralala e adoptar medidas de cambio e mellora nos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Adoptar estratexias didácticas innovadoras que permitan o aumento da motivación do alumnado e a mellora no rendemento académico.
- Utilizar metodoloxías que permitan unha adaptación dos contidos ás demandas da sociedade avaliando competencias relacionadas co futuro dominio profesional do estudiantado, e polo tanto, coas súas competencias profesionais.
- Xerar mecanismos de formación do profesorado interdisciplinar de forma que se enriqueza mutuamente dos diferente ámbitos formativos.
- Xerar sistemas de comunicación aberta e fluída entre os membros do grupo (comunicación interna) pero tamén co exterior (empresas etc.) de forma que pase a incorporarse á estrutura académica e do sistema formativo.
- Acadar sistematizar e executar de forma consciente e controlada o desenvolvemento estratéxico de proxectos de forma que a innovación non sexa unha práctica illada senón que responda a unha necesidade de diferenciación estratéxica da universidade. A diferenciación é unha meta e a innovación é o proceso para conseguila.
- Concienciarse de que a universidade non pode converterse tan so nun instrumento ao servizo da economía; é dicir, proporcionar unicamente saber útil ao mercado, senón que debe fomentar no seu estudiantado as competencias que esixe a sociedade xunto o coñecemento ou unha competencia académica que supoña unha apropiación reflexiva e crítica do coñecido e un compromiso ético coa sociedade.
- Aplicar modelos educativos baseados na interdisciplinidade e a innovación combinando o modelo da universidade tradicional (centrado no mercado) e modelos centrados no coñecemento xa que ambos obedecen a necesidades sociais e culturais diferente, e posiblemente poidan coexistir nunha mesma contorna económica.
- Posibilitar a colaboración para que os/as profesionais expoñan abertamente as súas crenzas e nas súas prácticas, conseguindo estender innovacións máis alá de onde se producen.

Plan de traballo

O grupo de traballo pretende converterse nunha rede de innovación docente. As redes están converténdose hoxe en día na forma organizativa máis importante do noso tempo, dando un xiro á actividade da sociedade en xeral e dos centros educativos en particular, aínda que na universidade española son escasas.

As redes educativas son estruturas intencionais, con intereses e obxectivos comúns nos que todos os membros teñen a posibilidade de traballar e responsabilizarse en igualdade. Isto xera unha cohesión de grupo grande que incrementa a confianza. Así coma o fortalecemento das relacións satisfactorias. As estruturas organizativas que se xeran dentro das redes ofrecen oportunidades de aprendizaxe aos/ás profesionais, permitindo detectar as necesidades de xestión e de dirección.

As redes favorecen o cambio, ofrecendo un medio para exercer o liderado e a responsabilidade compartida, na que persoas diferentes contribúan en funcións distintas, dando lugar a un liderado distribuído. Para acadar este rede de traballo entre profesionais de diferentes centros da Universidade de Vigo seguirase o seguinte plan de actividades:

- Constitución do grupo de innovación. 08/01/2016
- Análise das competencias de cada materia para concretar os posibles traballos en común. 26/01/2016
- Establecer as dinámicas de investigación e innovación educativa para o curso académico. 26/01/2016
- Determinar as posibles publicacións derivadas da labor docente. 26/01/2016
- Implantar os proxectos aprobados no grupo. 20/01/2016
- Avaliar o impacto na docencia de cada titulación. 23/05/2016
- Realizar unha valoración final das actividades desenvolvidas no curso académico. 14/06/2016